



ALERTA DA DIRECCIÓN XERAL DE EMERXENCIAS E INTERIOR DUN EPISODIO DE FENÓMENOS METEOROLÓXICOS ADVERSOS PARA GALICIA

DATA DE ENVÍO: 31/10/2023

TIPOLOXÍA: VENTO

ESTE AVISO CONSIDÉRASE VÁLIDO ATA A MODIFICACIÓN DO NIVEL DE ALERTA

NIVEL DE ALERTA: LARANXA

A partir da tarde de hoxe martes se prevé a entrada de varias fronteas. Na noite do martes para o mércores se prevén choivas polo noroeste, localmente fortes, que se irán xeneralizando na madrugada. A partir do mediodía do mércores día 1 irase achegando unha profunda borrasca que deixará chuvias máis intensas cara á noite. O vento soprará do suroeste, en terra moderado pola mañá, aumentando a forte, con refachos moi fortes co avance da tarde.

A Axencia Estatal de Meteoroloxía informa nos boletíns 76/71GAL e 310/71GAL, emitidos ás 10:36 e 10:42 horas de fenómenos meteorolóxicos adversos por VENTO que afectarán a toda Galicia durante o mércores día 1/11/2023, de nivel LARANXA ou amarelo e que irán acompañados de abundantes PRECIPITACIÓNS que poderán superar os 40 mm en 12 horas.

O fenómeno meteorolóxico por VENTOS se espera que acade maior intensidade en Coruña, Lugo (A Mariña, Montaña e Centro), Ourense (Montaña) e Pontevedra (Interior) desde as primeiras horas da tarde do día 1/11/2023. Nestas áreas pódense superar rachas de vento de 100 km e nas demais zonas os 90 km/h.

Polo que a Dirección Xeral de Emerxencias e Interior comunícalles que, en previsión destes feitos adopten as medidas preventivas necesarias ante as citadas predicións meteorolóxicas e, no seu caso, ALERTEN ou MOBILICEN aos medios e recursos a dispor. Ante calquera emerxencia chame ao 112.

No caso de concellos que conten con PEMU recoméndase a súa activación en fase de preemerxencia e, en todo caso, o traslado á poboación de medidas e recomendacións en materia de prevención e autoprotección tales como:

Reducir os desprazamentos por estrada. Se é necesario viaxar, extreme as precaucións debido a posibles obstáculos na vía, bolsas de auga e zonas asolagadas. Dado que a fenómeno se prevé que sexa especialmente intenso a medida que avance a tarde, en caso de ter que viaxar, procure evitar facelo a partir de primeiras horas da tarde do día 01/11/2023.

